

0 COMISIÓN INFORMATIVA DE IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **18 de outubro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. ^a María Teresa Cerdeira Valiñas	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 18 de outubro de 2018 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de dona M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
DEPUTADOS/AS:	
D. ^a M. ^a Consuelo Vispo Seara	
D. José Antonio Feijóo Alonso	
D. Antonio Montero Fernández	
D. ^a Ana M. ^a Villarino Pardo	
D. Miguel A. Cid Álvarez	
D. Adolfo González Nóvoa	
D. José Ignacio Gómez Pérez	
D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
SECRETARIO:	
D. Juan Marquina Fuentes	
INTERVENTOR ACCTAL:	
D. José Mosquera Casero	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de setembro de 2018, corríxese un erro no punto terceiro, consistente en que a intervención do Grupo Socialista foi realizada por dona Susana Rodríguez Rodríguez e non por don Francisco José Fraga Civeira, como figura por erro. Non se formulan máis observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DAS BASES DE SUBVENCIÓNS PARA DEPORTE.-

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do BNG (1) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Popular (6) e do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Instar ao goberno provincial para que introduza nos seus criterios para os patrocinios deportivos cláusulas que impidan a discriminación do deporte feminino á hora de outorgar os premios, de forma que se garanta que os premios finais sexan idénticos no caso do deporte masculino e feminino.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentaron.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás 17:03 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan a presidenta e o secretario. Certifico.